



ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

CURSO 2022-2023

IES Nº1 A ESTRADA

TÁBOA DE CONTIDO

IES Nº1 A ESTRADA.....	1
PROXECTO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	3
CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA	3
VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE...	3
ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	5
MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓ DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓ SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLARÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓ.....	11

PROXECTO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

Composición:

O equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) do IES N°1 da Estrada está conformado, para este ano académico 2022/23, por:

a) Profesorado:

- M^a Mónica Mato Bustelo (Depart. Francés e coordinadora do EDLG)
- Mónica Souto Espasandín (Depart. Ling. Castelá e coordinadora da Biblioteca)
- Patricia Garaboa Vázquez (mestra PT)
- Román Cerqueiro Landín (Depart. Ling. Galega)
- Alejandro Sanmartín Enríquez (Depart. Ed. Plástica e Visual)
- Beatriz Quintela Rúa (Depart. Ling. Galega e directora do IES N°1)

E, de xeito máis puntual, colaboracións con outros profesores, en función das actividades programadas.

b) Alumnado:

Alumnado voluntario, de todos os cursos do centro, e que vai variando, dependendo das actividades, ao longo do curso.

c) Persoal non docente:

José Castro Martínez (conserxe)

VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

No ano académico 2021-22, aínda afectado polo contexto da pandemia da Covid-19 durante os dous primeiros trimestres, o equipo de dinamización do IES N°1 da Estrada continuou impulsando un amplo abano de actividades ao longo de todo o curso.

As actividades deseñadas polo EDLG pretenderon acadar un maior uso da lingua galega por parte da nosa comunidade educativa e tamén acabar cos prexuizos que aínda existen arredor da nosa lingua, constatados especialmente nos niveis iniciais da ESO. Procurar normalizar

o seu uso, tanto en contextos formais como coloquiais, foi o obxectivo primordial tanto para as actividades deseñadas polo propio Equipo, como para as actividades levadas a cabo en colaboración con outros equipos e institucións .

A maioría das actividades leváronse a cabo en colaboración estreita coa Biblioteca, tendo en conta que, ao ser o noso un centro pequeno, a maioría dos membros do EDLG forman parte, ao mesmo tempo, do equipo da Biblioteca.

Ademais houbo colaboracións destacadas con outros departamentos, en especial os de Plástica e Galego.

Continuouse co curso creado na **Aula Virtual** do centro: **Biblioteca-Dinamización**, no que foi matriculado todo o alumnado e todo o profesorado do centro.

A través del fóronse anunciando as diferentes actividades, ao mesmo tempo que se engañaban contidos complementarios, en diferentes formatos, referentes a cada unha delas. Seguíronse promocionando, a través da sección ANÍMATE, múltiples convocatorias, certames e concursos, organizadas por institucións externas de diferentes lugares de Galicia e que promoven a creación de textos ou vídeos en galego.

E, rematado o ano académico 2021-22, fíxose unha valoración moi positiva deste curso da aula virtual, salientando a fluidez comunicativa que se mantivo co alumnado a través do sistema de mensaxes da propia aula, así como a resposta no acceso ás propostas alí presentadas.

Houbo tamén actividades en colaboración con outras entidades, como Dinamizaestrada, Correlingua, Vagalumes, que fixeron que o traballo desenvolvido polo EDLG do IES Nº1 transcendera o espazo físico do propio centro.

De todo isto foise deixando constancia no **espazo web do EDLG do IES Nº1**, aloxado dentro da páxina web do centro.

En conclusión, dende o EDLG faise unha valoración moi positiva sobre o desenvolvemento do programa de fomento do galego levado a cabo ao longo do ano pasado, destacando a cantidade e a variedade de actividades realizadas, así como a colaboración e participación do alumnado e o acceso destes últimos ás propostas presentadas a través da aula virtual.

Como **propostas de mellora** para o ano académico 2022-23, apúntanse as seguintes:

- Buscar unha maior implicación do alumnado no labor do EDLG, no deseño, promoción e desenvolvemento das actividades de dinamización do galego.
- Procurar desenvolver algún pequeno proxecto transversal, partindo do eixe da promoción da lingua galega, no que se impliquen a maioría do profesorado e alumnado do IES.
- Dar a coñecer e recoñecer as principais manifestacións culturais da actualidade relacionadas co noso idioma e con Galiza: literatura, teatro, música, cine etc., realizando a vitalidade da nosa lingua.
- Promover a participación en actividades culturais relacionadas co galego que se desenvolvan no concello da Estrada: colaboracións co departamento de cultura (festa da poesía, parladoiros literarios, ...), colaboracións puntuais con Radio Estrada, asistencia á presentacións de libros ou de pezas teatrais, ...

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Obxectivo 1: Fomentar e favorecer hábitos de lectura en galego			
Acción 1	Colaboración coa Biblioteca nos clubs de lectura		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> – Nº de alumnado que se apunta aos clubs, procurando a participación dos catro niveis da ESO. – Nº de obras literarias lidas ao remate do ano académico. – Apreciación final do alumnado participante sobre o desenvolvemento dos clubs de lectura. 		
Responsables	Biblioteca, EDLG e profesorado que colabora na coordinación dos clubs		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Obras da literatura galega e/ou traducións en galego de obras de literatura non galega. – Lectura das obras seleccionadas. – Actividades variadas para a posta en común das lecturas: dramatizacións, debates, xogos, concursos ... 		
Acción 2	Colaboración coa Biblioteca na promoción de autores destacados das letras galegas		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> – Nº de alumnado receptor, procurando a participación dos catro niveis da ESO. – Nº de autores promovidos: autor/a homenaxeado/a coas Letras Galegas do ano, Castelao, Rosalía de Castro, Marcial Valladares ... – Nº de alumnado colaborador no desenvolvemento das actividades. 		
Responsables	Biblioteca e EDLG		

Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Exposicións temáticas sobre os autores e as súas obras literarias. – Obras literarias dos autores seleccionados. – Actividades de lectura da obra dos autores recoñecidos: recitados, dramatizacións... – Roteiros literarios sobre os autores seleccionados. 		
Acción 3	Elaboración de recomendacións literarias en galego para cada nivel educativo		
	Temporalización		
	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 33%; text-align: center;">1º T - X</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">2º T</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">3º T - X</td> </tr> </table>	1º T - X	2º T
1º T - X	2º T	3º T - X	
Indicadores	– Nº de alumnado receptor		
Responsables	EDLG e Bibliotecas escolares da Estrada		
Recursos e materiais	– Trípticos en Nadal e a final de curso con recomendacións literarias.		

Obxectivo 2: Recoñecer e promover o uso do galego no ámbito científico e tecnolóxico			
Acción 1	Participación en videoconferencias, en galego, de temática científico-tecnolóxica.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T	3º T
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> – Nº de alumnado receptor, priorizando os niveis de 3º e 4º da ESO. – Apreciación final do alumnado e profesorado participante. 		
Responsables	EDLG, Biblioteca e departamentos didácticos científico-tecnolóxicos.		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> - Biblioteca e/ou aulas con ordenador e canón proxector. - Actividades-conclusión sobre as videoconferencias organizadas por IGA-CIENCIA. 		
Acción 2	Deseño e presentación de recunchos científicos no laboratorio de Física e Química.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T	3º T
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> – Nº de alumnado receptor, procurando a participación dos catro niveis da ESO. – Apreciación final do alumnado e profesorado participante. 		
Responsables	EDLG, Biblioteca e Departamentos didácticos científico-tecnolóxicos.		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Material funxible para actividades de experimentación científica. – Libros e outros materiais de carácter científico. 		

Obxectivo 3: Promover actividades que potencien a faceta creativa en lingua galega.			
Acción 1	Participación en propostas de creación audiovisual persoal en galego.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> – Nº de alumnado que se implica nas diferentes propostas. – Apreciación final do alumnado participante. 		
Responsables	EDLG, Biblioteca, Dpto. Lingua Galega, Dpto. de Plástica.		
Recursos e materiais	– Ordenadores, teléfonos móbiles, cámaras de vídeo.		
Acción 2	Participación en propostas de creación literaria persoal en galego.		
	Temporalización		

	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicador	– Nº de alumnado participante, afectando aos catro niveis da ESO.		
Responsables	EDLG, Biblioteca, Dpto. de Galego e Dinamizaestrada.		
Recursos e materiais	– Talleres de creación literaria.		
Acción 3	Participación en propostas que combinen a creatividade en varias facetas: fotografía e literatura.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicadores	Alumnado participante		
Responsables	EDLG, Biblioteca e Dpto. Plástica e Visual		
Recursos e materiais	– Móviles, cámaras fotográficas		
	– Ordenadores		

Obxectivo 4: Compartir experiencias e propostas dinamizadoras con outros centros educativos e outras institucións.

Acción 1	Videoconectad@s, participación en videoconferencias co alumnado de centros educativos de primaria do concello.		
	Temporalización		
	1º T	2º T - X	3º T - X
Indicador	– Apreciación final do alumnado e profesorado participante.		
Responsables	EDLG e Dinamizaestrada		
Recursos e materiais	– Aulas con ordenador e canón proxector.		
Acción 2	Participación no concurso de micropoemas e microrrelatos de Dinamizaestrada.		
	Temporalización		
	1º T	2º T - X	3º T - X
Indicador	– Apreciación final do alumnado participante.		
Responsables	EDLG e Dinamizaestrada		
Recursos e materiais	– Talleres de creación literaria.		
Acción 3	Participación en propostas dinamizadoras en conxunto co IES Losada Diéguez e o IES García Barros		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicador	– Alumnado participante		
Responsables	EGLG e Biblioteca		
Recursos e materiais	– Carteis e outro material funxible.		
	– Charlas e obradoiros sobre temáticas diversas.		
	– Actividades de promoción de autores galegos clásicos: día de Rosalía.		

Obxectivo 5: Promover o uso do galego no marco de comunicación das TIC.

Acción 1	Videoconectad@s, participación en videoconferencias co alumnado de centros educativos de primaria do concello.
-----------------	---

	Temporalización		
	1º T	2º T - X	3º T - X
Indicador	– Apreciación final do alumnado e profesorado participante.		
Responsables	EDLG e Dinamizaestrada		
Recursos e materiais	– Aulas con ordenador e canón proxector.		
Acción 2	Promover a creación de material audiovisual en lingua galega.		
	Temporalización		
	1º T	2º T - X	3º T
Indicador	– Alumnado participante		
Responsables	EDLG, Biblioteca		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Móviles – Ordenadores – Creación de contidos para compartir co alumnado de primaria. 		
Acción 3	Participación nun proxecto de elaboración dun noticiario, xunto con outros centros educativos da Estrada.		
	Temporalización		
	1º T	2º T - X	3º T - X
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> – Alumnado participante. – Apreciación final da comunidade educativa 		
Responsables	EDLG, Biblioteca, Extraescolares, Dinamizaestrada e Concello da Estrada		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Ordenadores – Móviles e/ou cámaras de vídeo – Creación de contidos para compartir na canle pública do Concello da Estrada. 		

Obxectivo 6: Promover a reflexión sobre a actual realidade sociolingüística do galego.			
Acción 1	Participación na enquisa sociolingüística da nosa comunidade educativa.		
	Temporalización		
	1º T	2º T - X	3º T - X
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> – Número de persoas que cumprimentan o cuestionario. – Valoración final dos resultados obtidos. 		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Ordenadores e/ou teléfonos móbiles. – Modelos de cuestionarios sociolingüísticos. 		
Acción 2	Desenvolver actividades diversas que potencien esa reflexión sociolingüística		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicador	– Nº de alumnado participante		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	– Charlas e outras actividades		
Acción 3	Relanzar o premio IES G		
	Temporalización		
	1º T	2º T - X	3º T - X

Indicador	<ul style="list-style-type: none"> – Alumnado que conforma o Equipo IES-G – Apreciación final do alumnado – Recoñecemento público no ámbito do comercio estradense.
Responsables	EDLG
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Entrevistas – Visitas a locais comerciais da Estrada.

Obxectivo 7: Promover a participación do alumnado no deseño, promoción e desenvolvemento de actividades de dinamización da lingua galega.			
Acción 1	Integración de alumnado no equipo de dinamización da lingua galega do centro.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> – Número de alumnado que se implica no equipo. – Apreciación final do alumnado e profesorado participante. 		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Ordenadores e material funxible diverso. 		
Acción 2	Participación de alumnado no desenvolvemento das actividades que conforman a festa de final de curso do centro: A revista viva.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> – Número de alumnado e profesorado que se implica nas actividades propostas. – Apreciación final do alumnado e profesorado participante máis da comunidade educativa do IES Nº 1. 		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Ordenadores e material funxible diverso. – Espazo Teatro Principal da Estrada. 		
Acción 3	Implicación do alumnado nas actividades desenvolvidas en datas conmemorativas especiais, propias da cultura galega: <i>Samain, Entroido...</i>		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> – Número de alumnado participante e profesorado implicado. 		
Responsables	EDLG, Biblioteca e Departamentos didácticos		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Material funxible diverso 		
Acción 4	Participación nas actividades do Correlingua.		
	Temporalización		
	1º T	2º T - X	3º T - X
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> – Número de alumnado participante. 		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Material funxible diverso 		

Obxectivo 8: Realizar roteiros que potencien o coñecemento de persoeiros da cultura galega			
Acción 1	Roteiro e visita á Casa-Museo de Rosalía de Castro		
	Temporalización		
	1º T	2º T - X	3º T
Indicador	– Nº de alumnado participante		
Responsables	EDLG e Departamentos de LG e Extraescolares		
Recursos e materiais	– Díptico informativo – Autobuses		
Acción 2	Roteiro e visita á casa de Marcial e Avelina Valladares en Berres.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T X
Indicador	– Nº de alumnado participante		
Responsables	EDLG, Biblioteca, Dpto. LG, Extraescolares		
Recursos e materiais	– Material co información sobre os autores – Autobuses		

Obxectivo 9: Promover a participación do alumnado en actividades culturais relacionadas coa lingua galega que teñen lugar no Concello da Estrada.			
Acción 1	Participación na mostra de teatro Olimpio Arca.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T	3º T
Indicador	– Nº de alumnado participante		
Responsables	Biblioteca e EDLG		
Recursos e materiais	– Local para os ensaios. – Material funxible diverso.		
Acción 2	Colaboracións con programas de Radio Estrada.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X
Indicador	– Número de alumnado participante		
Responsables	EDLG, Biblioteca, Dptos. didácticos.		
Recursos e materiais	– Material funxible diverso.		
Acción 3	Asistencia e intervención en parladoiros literarios organizados polo departamento de cultura do Concello da Estrada.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T X	3º T X
Indicador	– Número de alumnado participante.		
Responsables	Biblioteca e EDLG		
Recursos e materiais	– Material funxible diverso.		
Acción 4	Asistencia e/ou colaboracións puntuais en presentacións literarias.		
	Temporalización		
	1º T - X	2º T - X	3º T - X

Indicador	– Número de alumnado participante.
Responsables	EDLG, Biblioteca
Recursos e materiais	– Material funxible diverso.

MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓ N DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓ N SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLARÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓ N

Neste curso 2022-2023, no IES Nº1 1 da Estrada contamos coas seguintes novidades no tocante á impartición de materias en linguas estranxeiras:

I.Un grupo máis de portugués (2ª lingua estranxeira).

En efecto, este ano contamos con dous grupos de portugués: un en 1º de ESO (6 alumnos e alumnas) un en 2º de ESO (9 alumnos e alumnas) e un en 3º de ESO (9 alumnos e alumnas)

II.O mesmo número de grupos dentro da Sección Bilingüe, pero cunha modificación nunha das materias.

Así, temos:

- Educación dixital de 3º de ESO en inglés (6 alumnos e alumnas)
- TIC de 4º de ESO en inglés (12 alumnos e alumnas)